

XXIII FESTA DO GALO PIÑEIRO E MOSTRA CABALAR EN O PINO

B. C. [O PINO]

O Pino celebra este domingo 4 de agosto a XXIII Festa do Galo Piñeiro. E non chega soa, pois tamén está prevista a Mostra Cabalar.

Os festexos xa comezan mañán, sábado 3 de agosto ás 19.00 horas co espectáculo de motocross con Pedro Moreno y Greg Rowbottom. Máis tarde, ás 20.30 horas, será o concerto de Ailá e a Banda de Música de Arca.

Xa o domingo será a quenda da Festa do Galo Piñeiro, declarada de Interese Turístico de Galicia, e a XXIII Mostra Cabalar.

A festa vense realizando desde o ano 1999 e nace como un evento de exaltación da gastronomía e cultura galega. O propó-

A Festa do Galo Piñeiro chega a O Pino

sito desta festa é poñer en valor e tratar de recuperar a especie do Galo Piñeiro con raíces na época celta. Ademais realízase unha mostra cabalar, cada vez máis exitosa, na que participan as mellores égoas e cabalos de pura raza galega e foránea.

A festa comeza coa apertura da feira e venta de animais vivos de galos e galiñas de raza piñeira, que se complementa cun concurso, no

que se condecoran cun galardón ós mellores exemplares desta raza. Pola tarde, ten lugar a Mostra Cabalar, na que teñen lugar diferentes exhibicións de égoas e cabalos do país, así como as égoas e cabalos cruzados. Tamén participan potros e potras, cabalos e égoas de pura raza española de diferentes idades, que compiten polo galardón ao mellor exemplar. Todos os anos se entrega un pre-

mio especial “Faísca” ao mellor produto P.R.E. (Pura Raza Española) nado e criado en Galicia.

Os actos do domingo comezan ás 08.30 horas coas bombas de palenque. Ás 09.00 horas está fixada a apertura das instalacións da Mostra Cabalar e, unha hora máis tarde, a XXIII Feira de Galos e Galiñas de Raza Piñeira “vivos”.

A partir das 11.00 horas chega a música coa charanga NBA.

Os visitantes atoparán na praza de Forcarei a Feira Artesanía no Camiño.

Ás 13.00 horas comeza a degustación gratuíta de Galo Piñeiro e, pouco despois, a lectura do pregón a cargo da Delegada da Xunta de Galicia en A Coruña, Belén do Campo Piñeiro. A sesión vermú contará con Eme Music. Despois terá lugar a entrega de premios dos gañadores da XXIII Feira de Galos e Galiñas de Raza Piñeira “vivos”. O xantar popular será, a partir das 15.00 horas, na praza de Forcarei. Pola tarde está prevista a proba de Trotóns e a proba de arrastre. A entrega de premios da XXIII Mostra Cabalar será ás 21.45 horas. O espectáculo ecuestre de Paco Martos *Horse Show* porá o punto final.

- TÉCNICO APLICADOR EN: MICROCEMENTOS Y PAVIMENTOS
- PINTURAS INTERIOR, EXTERIOR...
- ALTA DECORACIÓN
- PINTURA INDUSTRIAL (EPOXIS, POLIURETANOS,...)
- ACUCHILLADOS, BARNIZADOS, LACADOS...
- MANTENIMIENTOS
- IMPERMEABILIZACIONES
- COLOCACIÓN DE: - TARIMAS FLOTANTES - LIMNOLIO - SUELOS EN PVC - PAPEL, CORCHO, MOQUETA, ...



M. CAMINO
s.l.

Ferreiros - O Pino (A Coruña) - T. 879 440 884 - es.camino@pino.es



Lemos Renovables s.l.

Empresa instaladora de:
**Fontanería, Calefacción
e Enerxías Renovables**

670 387 267

O Pazo, 27 • 15821 Castrofeito - O Pino (A Coruña)

Restaurante - Cafetería


A 'Magdalena'

- Menú del día - Bodas - Primeras Comuniones - Bautizos - Comidas de empresa

• AMPLIO APARCAMIENTO • **Preparamos y servimos la comida oficial de la fiesta**

Santiso - Castrofeito • O Pino (A Coruña) • T. 981 511 093





RESTAURANTE

O Acivro

A Rúa, O Pino

TYRMA

info@tyrma.es • oficina@tyrma.es
T. 981 504121 • F. 981 517325



- Reciclaje de plástico agrícola
- Reciclaje de plástico postdoméstico
- Venta de granzas y materiales aglomerados

www.tyrma.es



AFN
ESCUELA DE PILOTOS
TLF: 881103330



más de 25 años formando PILOTOS DE LÍNEAS AÉREAS en Galicia



WWW.AFNGRUPO.ES



3 e 4 de agosto 2024

Declarada Festa de Interese Turístico de Galicia

XXIII festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar O PINO

Sábado, 3 agosto	Domingo, 4 agosto
19.00 h. Free Style Moto Cross Con Pedro Moreno e Greg Rowbottom	09.00 h. Mostra Cabalar. Todo o día
20.30 h. Concerto de Ailá e a Banda de Música de Arca	10.00 h. Festa do Galo Piñeiro
	11.00 h. Feira Artesanía no Camiño
	15.00 h. Xantar popular
	20.30 h. Espectáculo ecuestre Paco Martos

